

A Xunta investirá máis de 820.000 € na rehabilitación do CPIP Antonio Orza

A Xunta de Galicia vai acometer unha importante rehabilitación das instalacións educativas do CPIP Antonio Orza Couto durante as próximas semanas. O colexio está formado por tres edificios de distintas épocas e en moi diferente estado de conservación.

Así, mentres que tanto o colexio de infantil como o centro de secundaria se atopan nun bo estado, o edificio de educación primaria é moi antigo, pois foi construído aló polo ano 1970, e require dunha actuación completa para poder mellorar as súas prestacións ao alumnado.

Actuacións

Unhas obras de mellora que se centrarán no actual centro de educación primaria, onde se acometerán actuacións de mellora nos accesos e rehabilitarase a cociña, o comedor e o salón de actos. A estimación



Visita para comprobar sobre o terreo as necesidades do edificio de primaria



O edificio de educación primaria foi construído no 1970 e require dunha mellora

inicial é que os traballos poidan supoñer un investimento de algo máis de 820.000 euros.

Agárdase que as obras poidan comezar nas próximas semanas, aproveitando así as vacacións de verán dos nenos e nenas, ao tempo que se evitan molestias á hora de levar a cabo as actividades do centro escolar.

Investimentos

Esta non é a única actuación de mellora que se acomete nos últimos anos neste centro escolar. Así, no verán de 2019 a Xunta investiu 48.000 euros no cambio da cuberta do edificio de infantil do CPIP Antonio Orza. Por outra banda, no 2016 investíranse outros 60.000 euros na substitución das fiestras de varias aulas de infantil, dos canalóns da cuberta e das baixantes de auga para evitar humidades e filtracións.

“Coidados porta a porta” visitará Boqueixón en setembro

A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia prestará de xeito gratuíto unha serie de servizos de audioloxía, podoloxía e estimulación da memoria á persoas maiores de 55 anos de Boqueixón os días 22, 23, 26 e 27 de setem-

bro. Trátase do programa “Coidados porta a porta” e prestarase a través dunha unidade móbil que visitará Boqueixón e ofertará:

- Audioloxía: valoración e exploración funcional da audición e prevención da perda auditiva.

- Podoloxía: faise unha consulta básica para valorar o estado do pé, corte e limpeza de uñas, eliminación de durezas..
- Prevención do Alzheimer e outras demencias neuroxenerativas. Un profesional fará unha

valoración cognitiva e dará pautas preventivas e de minoración do deterioro.

Máis información e cita previa no teléfono 622 748 283 ou a través do mail: coidadosportaaporta.politicasocial@xunta.gal.

Aberto o prazo para solicitar permisos para as cacharelas de San Xoán

O Concello de Boqueixón abre o prazo de solicitude para as cacharelas da noite de San Xoán, tanto públicas como privadas. O modelo de solicitude, dispoñible na web municipal, deberá ser cumplimentado e entregado no Rexistro Xeral antes das 13:00 horas do 21 de xuño, indicando o lugar da fogueira así como o nome, enderezo e teléfono das persoas responsables da mesma.

O volume da cacharela non sobrepasará os 6 metros de perímetro nin os 2 de altura. A cacharela estará a, como mínimo, 20 metros dos edificios e árbores, e nunca baixo tendidos eléctricos ou telefónicos. Está prohibida a queima de pneumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, sprays, aceites ou calquera substancia que desprenda fume tóxico.

Se a cacharela se realiza sobre terreos de uso público enlousado, as persoas organizadoras deberán protexer o pavimento cunha capa de area de 10 centímetros. Ao rematar a cacharela, as cinzas deben quedar apagadas e a pavimentación debe estar no mesmo estado en que estaba antes do lume, sendo obrigatoria a limpeza do lugar.

O Concello duplica as axudas para fomento da natalidade

O Concello de Boqueixón abre o prazo de presentación de solicitudes para as axudas ás familias para sufragar parcialmente os custes derivados do nacemento e/ou acollemento ou adopción de nenos e nenas empadroados no municipio. Unhas axudas convocadas por primeira vez en 2021 e nas que este ano o Concello duplica a contía das achegas, que pasan dos 200 aos 400 euros por familia.

O Concello destina a esta liña de axudas un total de 8.000 euros, "ampliáveis se fose preciso", puntualiza o alcalde, Manuel Fernández Munín, xa que "con esta iniciativa, ademais de axudar economicamente ás familias, queremos apoiar ao noso comercio local, polo que o gasto terá que facerse en empresas radicadas en Boqueixón".

As axudas outorgaranse en réxime de con-



rencia non competitiva e con independencia da renda familiar para todos os nenos e nenas nados, acollidos ou adoptados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022. Unha achega que será de 500 euros no caso de discapacidade da crianza dun 33% ou superior.

Para poder solicitar as axudas é preciso que a familia estea empadroadada en Boqueixón e se comprometa a seguir así un mínimo de 3 anos. Os cartos deberán ser gastados en beneficio do neno/a: cueiros, lácteos e alimentos infantís, roupa, calzado, enxoval, produtos

de hixiene infantil, medicamentos ou calquera outro tipo de produtos recitados polo facultativo de pediatria. Os produtos deberán ser adquiridos en establecementos comerciais de Boqueixón.

Solicitudes

As persoas interesadas en acceder a estas axudas poderán presentar a súa solicitude por vía electrónica ou no Rexistro Xeral. Haberá dous prazos de presentación de solicitudes:

- Para as persoas nadas, acollidas ou adoptadas entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 23 de maio, o prazo é de 15 días naturais (contados a partir do 24 de maio).

- Para as persoas nadas, acollidas ou adoptadas entre o 24 de maio e o 31 de decembro, o prazo de solicitude será de 15 días naturais a partir do día seguinte ao nacemento, acollida ou adopción.

Axudas para libros e material escolar

A Xunta vén de abrir o prazo para que as familias soliciten a súa participación no Fondo Solidario de Libros de Texto, ou ben as axudas para a adquisición de libros de texto, e de vales para material escolar destinadas ao alumnado matriculado

en Educación Primaria, ESO e Educación Especial en centros sostidos con fondos públicos, para o vindeiro curso escolar 2022/23.

O prazo para presentar as solicitudes permanecerá aberto ata o 22 de xuño, tal como establece

a convocatoria que pode consultarse no DOG do 18 de maio. As solicitudes poderán presentarse empregando a aplicación informática fondolibros a través da sede electrónica da Xunta ou ben presencialmente nos propios colexios.

As baixadas espeleolóxicas á cova do Pico Sacro, gran novidade de “Mes e Pico”

A espeleoloxía do Pico Sacro e a cultura xacobeá é a temática sobre a que xira a cuarta edición do ciclo “Un mes e Pico”, que se desenvolverá en xuño. Boqueixón contará conferencias, visitas teatralizadas, xeolóxicas e baixadas espeleolóxicas ás covas. “Imos facer algo que estaba na mente de todos dende o primeiro día que convocamos este ciclo: a posibilidade de baixar ás covas do Pico Sacro”, explicou o alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, na presentación do programa.

As baixadas espeleolóxicas son “visitas totalmente seguras nas que as persoas participantes, sempre maiores de 12 anos, recibirán unha formación básica previa e contará co equipo necesario, ademais de estar guiados por instrutores da Federación Galega de Espeleoloxía”, sinala o alcalde, quen bromea: “dicímolos xa dende o primeiro día: se al-

gún deles dá por fin co dragón que disque se agocha nestas covas, o Concello non se fai responsable”.

Todas as actividades son de balde, pero cun aforo limitado. As persoas interesadas deben inscribirse no

Departamento de Turismo de Boqueixón, no correo boqueixonturismo@gmail.com ou no 981 513 061.

VISITAS TEATRALIZADAS



Cumio Pico Sacro
5, 12 e 25 de xuño
17:30 h.
“A Raiña Lupa e o encanto do monte sacro”
Os Quinquilláns.

BAIXADAS XEOLÓXICAS



Covas Pico Sacro
11 e 18 de xuño
11:00 e 16:30 h.
Maiores de 12 anos.
Guías da Federación Galega de Espeleoloxía.

VISITAS XEOLÓXICAS



Cumio Pico Sacro
12 e 19 de xuño
12:00 h.
“Viaxe á orixe xeolóxica do Pico Sacro”.
Geotur.

CONFERENCIAS



Capela de San Sebastián
20:00 h
18 de xuño
Francisco Manuel Martínez García, presidente Federación Galega de Espeleoloxía: “A cova do Pico Sacro no contexto da espeleoloxía científica e deportiva”
25 de xuño
Xavier Groba González, secretario do Club Espeleolóxico Maíxo: “O tesouro cultural da cova do Pico Sacro”.

CEREMONIA DO LUME SAGRADO



Pico Sacro
19 de xuño
13:00 h.
Luz do Illicinio e Raiola
Asociación Cultural Mestre Gacio.

Entrega de recoñecementos a voluntarios de Protección Civil de Boqueixón

A Asociación Nacional de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil de España (ANAV) vén de entregar unha serie de recoñecementos, honras e condecoracións aos compañeiros da Asociación de Voluntarios de Protección Civil de Boqueixón.

Nun acto celebrado na Academia Galega de Seguridade Pública, a ANAV

distinguíu a varios integrantes de Protección Civil de Boqueixón coa Medalla da Covid polo seu traballo realizado durante a pandemia sanitaria. Outros integrantes da asociación recibiron as Medallas ao Mérito e á Constancia pola súa permanencia na agrupación durante 5, 10, 15, 20 e 25 anos. O alcalde, Manuel Fernández, acompañou aos distinguidos.





O Festival das Letras chega o 5 de xuño á Casa da Cultura

A Casa da Cultura de Camporrapado acollerá o domingo 5 de xuño o Festival das Letras, adiado por motivos alleos ao Concello. Comezará ás 12:00 horas con “Espantallo amigo”, divertida peza familiar de Os Quinquilláns Teatro e baseado nun texto de Neira Vilas, fillo adoptivo do municipio. Acto seguido, o alcalde, Manuel Fernández, entregará os premios do Certame de relato curto “Xosé Neira Vilas”.

Visita ao Pico Sacro das maiores de Prevenición da Dependencia

Oito veciñas de Boqueixón, que participan no programa de Prevenición da Dependencia, tomaron parte nunha saída ao Pico Sacro que tivo lugar o pasado 24 de maio. O alumnado contou coa presenza de José Piso, párroco de Lestedo, que guiou a visita de xeito excepcional. Don José relatou a historia do Pico Sacro, abordando aspectos xeolóxicos, históricos e lendarios.

Así mesmo, as persoas participantes na excursión puideron desfrutar das vistas panorámicas dende o cumio, observar unha das covas e atender as explicacións dentro da ermida de San Sebastián, gracias ao párroco da Granxa, don Sidonio José Alves de Sousa, que participou tamén na actividade. Aínda que poida resultar sorprendente, algúns dos participantes nunca estivera no Pico Sacro nin coñecía a súa historia.



A VIII Carreira Camiño das Letras reúne a máis de 200 atletas

A choiva foi a protagonista da VIII Carreira Camiño das Letras, que contou con 208 participantes. Deles, 125 tomaron parte na proba de 15 km, con saída no Pico Sacro e meta na Cidade da Cultura, tras pasar por Lestedo e Sergude. José Carlos Buján Otero, do Noitebra, e Lucía Peón Santomé, do Atletismo Arenteiro, gañaron os 15k; mentres que Thomas Afonso López, do Triatlón Inforhouse Santiago, e Noelia Pápin Estévez, do Club Atletismo Sada, gañaron o 5K.



O Club de Maiores de Boqueixón colga o cartel de “Non hai billetes”

O auditorio da Casa da Cultura de Camporrapado quedou pequeno para a volta aos escenarios do Club de Maiores de Boqueixón tras dous anos de pandemia. Foi o sábado 8 de maio e a obra escollida foi “Un morto moi vivo”, unha comedia de enredo dirixida por Ramón Molina e interpretada por unha vintena de veciños/as, todos eles maiores de 60 anos. O Club de Maiores de Boqueixón recolleu en forma de aplausos o pago a varios meses de intenso traballo e ensaios.

Boqueixón convoca os Voluntariados Xuvenil e Activo para este verán

O Concello de Boqueixón vai engadir este verán unha nova modalidade ao Servizo de Voluntariado Xuvenil, que mantén en colaboración coa Xunta de Galicia e que está dirixido a mozos e mozas de entre 16 e 30 anos.

O novo servizo será o Voluntariado Activo que, segundo explican dende a Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX), “estará dirixido a rapaces e rapazas nados nos anos 2006 e 2007 que queiran ir coñecendo as vantaxes e beneficios que se poden conseguir a través do voluntariado”.

O voluntariado, ademais de prestar un importante apoio ás distintas actividades que se organizan no municipio, tamén supón un beneficio para a



persoa voluntaria. En primeiro lugar, pola adquisición de experiencia en ámbitos moi diversos. E, en segundo lugar, porque o Voluntariado Xuvenil é fundamental para apoiar as actividades organizadas dende o Concello, como poden ser o Verán Activo, as Tardes Educativas e de Lecer (durante o curso), as actividades deportivas ou as actividades xuvenís.

Ao finalizar a súa colaboración co Voluntariado Xuvenil, a persoa volun-

taria recibirá da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado un certificado que acreditará a súa participación neste tipo de iniciativas. Un punto que cada vez é máis valorado, por exemplo, nas entrevistas de traballo, pois indica que esa persoa comparte valores asociados ao voluntariado como o traballo en equipo ou a colaboración co resto da sociedade.

Máis información e inscricións no 981 51 31 15 ata o 20 de xuño.

Convocada unha nova edición dos cursos de inglés

O Concello de Boqueixón convoca unha nova edición dos seus cursos de inglés, cuxas bases serán publicadas na páxina web. Esta oferta está dirixida a alumnao de Educación Infantil, Primaria e Secundaria, así como tamén para mozas e mozos a partir de 16 anos (niveis A2, B1 e B2).

As clases de inglés terán lugar no CPIP Antonio Orza Couto, dúas horas por semana. O prazo para presentar as inscricións estará aberto do 15 ao 30 de xuño.

As persoas interesadas en participar deberán cubrir a ficha de inscrición e presentala ben a través da sede electrónica do Concello de Boqueixón ben presencialmente por Rexistro. Máis información, no teléfono 981 513 115 ou en cultura@boqueixon.com.



O Concello regresa á feira Turexpo Galicia

O Concello de Boqueixón promoverá os seus atractivos turísticos na feira Turexpo Galicia, o salón turístico da comunidade que terá lugar

en Silleda do 2 ao 5 de xuño. Un salón enmarcado dentro da 44 edición da Feira Internacional Abanca Semana Verde.

Turexpo Galicia será un

gran escaparate para que Boqueixón poida amosar os seus atractivos culturais, turísticos, gastronómicos... ás principais empresas do sector turístico.

Volve o Campo Recreativo e Ambiental para a mocidade

O Concello de Boqueixón porá en marcha este verán unha nova edición do programa CREA (Campo Recreativo e Ambiental), dirixido a mozos e mozas nados nos anos 2008 e 2009. Trátase dunha iniciativa que ten como principal obxectivo, segundo indican

dende a Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX), “crear durante a tempada estival un espazo educativo, ambiental e lúdico, empregando unha metodoloxía de educación non formal que favoreza a aprendizaxe dos participantes fomentando os

valores ambientais e patrimoniais do noso concello”.

A proposta terá lugar no mes de xullo, con entrada de 9:00 a 10:00 horas e saída ás 14:00 horas. As inscricións poden formalizarse do 8 ao 22 de xuño. As bases publicaranse na web municipal e as per-

soas interesadas deberán inscribirse a través da sede electrónica ou do Rexistro Municipal. Dende a OMIX de Boqueixón animan á mocidade a participar nesta proposta ambiental e de lecer. Máis información no 981 513 115 ou en omix@boqueixon.com.



Gran éxito do desfile de Carrozas de San Cidre

Nin a choiva puido desafiarse a celebración do LVII Desfile de Carrozas de San Cidre, organizado pola Comisión de Festas de Oural en colaboración co Concello de Boqueixón. Preto de trescentas persoas gozaron dunha xornada de troula que, tras dous anos de ausencia pola pandemia sanitaria, volveu con máis forza que nunca.

Foron seis as carrozas que desfilaron ao longo da xornada, repartindo viño e petiscos variados (filloas con chourizo, orella...) entre os presentes. A música

correu a cargo da Charanga BB+, Tania Veiras e Pena do Corvo, cunha verbena pola tarde coa Orquestra Finisterre.

Tras o desfile, as carrozas trasladáronse ao campo da festa de Oural, onde tivo lugar o pregón do secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, quen animou a "sementar para o día de mañá". Oalcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, destacou o traballo da veciñanza e reclamou que a festa "sexa declarada de Interese Turístico de Galicia".



Anacos do noso

Vicente López Carril, o campión ciclista que puxo Boqueixón no mapa

Contan que as súas primeiras pedaladas foron grazas a un amigo seu que tiña un taller, e arregoulle una bici vella. Así, comezaba unha curta pero intensa vida de éxitos para o campión Vicente López Carril. Nado en Donas (Boqueixón) no 1942, sendo moi pequeno mudouse a Asturias, á villa mariñeira de Candás. Por iso levou de alcume no mundo do ciclismo "O Candasu".

Pronto as miradas pousáronse na súa destreza ás dúas rodas. Como amateur gañou o Campionato de España de 1963 e o de Montaña no 1966. Ese foi o ano que se fixo profesional, aínda que os seus triunfos empezaron no ano 1968, cando gañou a Volta a Mallorca.

Máis de 40 triunfos

Máis de corenta triunfos balizaron a súa etapa como ciclista, vencendo entre outros no Gran Premio de Navarra, a Volta a Levante, o Gran Premio de Amorebieta, a Volta a Asturias de 1977, a Volta aos Vales Mineiros, o Campionato de España de Fondo en estrada organizado pola Pena Trapello en 1974, o Memorial Ferrer e un terceiro posto no Circuito. Pertenceu ao equipo "Olsa" en 1965 para pasar ao equipo vasco "KAS" ao ano seguinte, onde permaneceu ata 1979 en que fichou polo "Teka".

Pero como falar de ciclismo é falar do Tour, na historia deste deporte quedaron as súas dúas exhibicións ante un dos mellores ciclistas do mundo: o belga Eddy Merckx, apodado "O Canibal" pola súa ambición de gañalo todo. No 1974 chegou o trío de ases: Aja, Galdós e López Carril, que se exhibiron



Vicente López Carril naceu en Donas (Boqueixón) no 1942 e foi un dos mellores ciclistas da súa época

nos Alpes. Foi na undécima etapa, con final en Serre Chevalier, cando na ascensión ao Galibier, Carril levantouse da bicicleta e foi directo ao cumio.

Merckx só puido ver como se afastaba o ciclista de Donas. Foi un triunfo de etapa inapelable que lle valeu ao final para subir ao podio de París.



Vicente López, nun cromo adhesivo co equipo no que conseguiu os seus maiores triunfos

Un ano máis tarde, cando parecía que os españois volverían da gran rolda sen un triunfo, apareceu Vicente López Carril na 17ª etapa, a derradeira dos Alpes con final en Avoriaz. Cando apareceron as primeiras ramplas do Col de Colombiere, Vicente atacou de maneira irresistible. Coroado o cumio, quedaban aínda 73 quilómetros para meta pero non desistiu de buscar a vitoria. Ao final conseguiu un novo triunfo, sacando máis de dous minutos ao gran escalador Van Impe e case catro a Eddy Merckx. Ao final, en París foi o único español que quedou entre os dez primeiros, ao facer sexto. Volveu ao Tour, onde se conseguiu un décimo posto no Tour do 76. E, tres anos máis tarde, decidiu abandonar o ciclismo.

Vicente López Carril foi o galego que máis veces quedou entre os dez primeiros do Tour. Un exemplo dunha vida curta pero intensa, xa que faleceu con so 37 anos mentres xogaba ao fútbol na praia de Xixón.

Viaxe dos Maiores a Portugal e Zamora

O Concello de Boqueixón abrirá o próximo 6 de xuño as inscricións na Viaxe dos Maiores, que terá lugar o 27 e 28 de xuño. O destino serán as localidades portuguesas de Bragança, Miranda do Douro e os Arribes do Douro, así como Zamora. O prezo é de 125 euros, que inclúe: transporte, pensión completa en habitación dobre, visitas, viaxe en barco e seguro de viaxe.

O número de prazas é limitado, polo que os asentamentos serán adjudicados por orde de inscrición. O prazo de anotación abrirase o 6 de xuño no teléfono 981 513 115.



O río Ulla será o gran protagonista de xullo

Os Concellos de Boqueixón e Vedra convocan "Correntes do Ulla", unha serie de actividades que terán lugar no vindeiro mes de xullo e sobre as que che informaremos en detalle a través da web municipal. O programa inclúe o campo de voluntariado "Unido roteiros", unha iniciativa medioambiental que terá lugar do 15 ao 26 de xullo para rapaces e rapazas de 18 a 30 anos.

O 9 de xullo haberá un descenso do Ulla en piraguas para maiores de 13 anos (20 euros) e o 24 de xullo, ás 10:00 horas, a ruta de sendeirismo "Unindo roteiros ao pé do Ulla", de Sucira a Agronovo. Finalmente, o 27 e 28 de xullo, de 10:00 a 13:00 horas, terá lugar unha Escola de Pesca en Río para nenos e nenas de 10 a 13 anos.

Aberta a inscrición na Escola de Fútbol Boqueixón

A Escola de Fútbol Boqueixón vén de abrir o prazo de inscrición para rapaces e rapazas que desexen participar na temporada 2022-2023. A oferta inclúe tres modalidades: Fútbol Sala (biberóns, prebenxamíns e benxamíns), Fútbol-8 (prebenxamíns, benxamíns e alevíns) e Fútbol 11 (infantís, cadetes, xuvenís e sénior). En todas elas está incluído o fútbol feminino.

A partir dos 4 anos, con descontos especiais para irmáns/irmás. Máis información e inscricións no teléfono 603 555 588. Colaboran: Concello, Deputación e Xunta de Galicia.

AXENDA DO MES DE XUÑO

- | | | |
|--|---|--|
| Domingo 5
Festival das Letras
CC de Camporrapado, 12:00 h.
Os Quinquilláns, co espectáculo "Espantallo amigo" e entrega dos premios do Certame de relato breve Xosé Neira Vilas. | Domingo 12
Mes e Pico: visita teatral
Cumio do Pico, 17:30 h.
Os Quinquilláns, con "A raíña Lupa e o encanto do Pico Sacro" | Domingo 19
Cerimonia Lume Sagrado
Cumio do Pico Sacro, 13:00 h.
Luz do ilicínio e Raíola. Asociación Cultural Mestre Gacio. |
| Domingo 5
Mes e Pico: visita teatral
Cumio do Pico, 17:30 h.
Os Quinquilláns, con "A raíña Lupa e o encanto do Pico Sacro". | Sábado 18
Mes e Pico: baixada espeleolóxica
Centro Interpretación Pico Sacro, 11:00 e 16:30 h.
Federación Galega de Espeleoloxía. | Martes 21
Permisos cacharelas
Casa do Concello.
Fin de prazo de solicitude. |
| Sábado 11
Mes e Pico: baixada espeleolóxica
Centro Interpretación Pico Sacro, 11:00 e 16:30 h.
Federación Galega de Espeleoloxía. | Sábado 18
Mes e Pico: conferencia
Capela de San Sebastián, 20:00 h.
Francisco Manuel Martínez García, "A cova do Pico Sacro no contexto da espeleoloxía científica e deportiva" | Xoves 23
Inicio do Verán Activo
O Forte.
Inicio do programa de conciliación do Concello de Boqueixón, que conta con máis de 200 inscricións. |
| Domingo 12
Mes e Pico: visita guiada
Cumio do Pico, 12:00 h.
Geotur, viaxe á orixe xeolóxica do Pico Sacro. | Domingo 19
Mes e Pico: visita guiada
Cumio do Pico, 12:00 h.
Geotur, viaxe á orixe xeolóxica do Pico Sacro. | Sábado 25
Mes e Pico: visita teatral
Cumio do Pico, 17:30 h.
Os Quinquilláns, con "A raíña Lupa e o encanto do Pico Sacro" |
| | | Sábado 25
Mes e Pico: conferencia
Capela de San Sebastián, 20:00 h.
Xavier Groba González, "O tesouro cultural da cova do Pico Sacro" |

Máis información e inscricións: Centraliña: 981 513 061 CIM: 981 513 061 Cultura: 981 513 115 Dto. Local e Turismo: 981 513 061
 concello@boqueixon.com cim@boqueixon.com cultura@boqueixon.com boqueixonturismo@gmail.com